

Concello de San Sadurniño

ANEXO QUE CONTÉN AS CLÁUSULAS DA RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN

Cláusula 1. Motivos polos que non é posible a utilización do procedemento de concorrencia competitiva

A circunstancia obxectiva de concesión ven dada pola participación no Clube que representa a España no Campionato Mundial de Hip Hop 2023, circunstancia que só concorre nunha persoa dentro do termo municipal de San Sadurniño

Cláusula 2. Obxecto da Subvención

A subvención ten por finalidade a axuda económica para a participación no devandito Campionato Mundial de dona Daniela Díaz, sendo subvencionables gastos que sexan directamente relacionados coa mesma (billetes de avión, aloxamento, vestuario, manutención...)

Cláusula 3. Obrigas do beneficiario

O beneficiario ven obrigado a realizar a actividade obxecto de subvención (participación efectiva no Campionato Mundial de Hip Hop 2023) e a xustificar o importe outorgado no prazo indicado

Cláusula 4. Contía da Subvención e Crédito Orzamentario

A contía asignada é de 300,00€ (TRESCIENTOS EUROS) prepagables que serán aplicados á partida orzamentaria 3340.48000 do Orzamento vixente para o ano 2023 do Concello de San Sadurniño.

Cláusula 5. Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cláusula 6. Prazos e forma de xustificación da subvención.



Concello de San Sadurniño

A presentación da correspondente xustificación non deberá superar o prazo do 30 de novembro de 2023. Transcurrido o prazo sen que se presentara a xustificación, requirirase ao beneficiario para que sexa presentada no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

A xustificación documentarase mediante a aportación de documentos xustificativos de gastos (facturas ou outros documentos con igual valor probatorio) por importe superior á subvención outorgada, así coma unha relación de ingresos e gastos total.

Cláusula 7. Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable será o establecido neste Convenio, na Ordenanza Xeral de subvencións de San Sadurniño, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido como lexislación estatal básica nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

